

Resolución do 14 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se determinan os servizos mínimos na Administración de xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, adaptándoos ao Real decreto lei 487/2020, do 10 de abril

O Real decreto lei 487/2020, do 10 de abril, prevé unha prórroga de 15 días do estado de alarma para a xestión da pandemia COVID-19 nun novo escenario no que non se aplican xa os criterios de confinamento cualificado recolleitos no Real decreto 10/2020 do 29 de marzo, de conformidade coas determinacións da autoridade central sanitaria.

A presente resolución adapta a esta nova fase o funcionamento de xulgados e tribunais, así como o réxime de servizos esenciais da Administración de xustiza, seguindo a resolución do Ministerio de Xustiza, departamento competente para a coordinación da actividade profesional dos corpos de funcionarios regulados no libro VI da Lei orgánica do poder xudicial en virtude da delegación da Orde SND/261/2020, do 19 de marzo.

Tamén se establecen as bases para unha eventual reactivación do servizo público da Xustiza en fases posteriores, cando así o determinen as resolucións e recomendacións das autoridades sanitarias. Os principios de actuación que promove a resolución do Ministerio, de directa aplicación, e que se transcriben na presente son:

1. Confirmación e mantemento dos servizos esenciais nas condicións orixinarias referidas na Resolución do Secretario de Estado de Xustiza do 14 de marzo de 2020, e nas correspondentes resolucións do Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado de igual data.
2. Provisión efectiva e coordinada de hidroxelos, luvas e máscaras por parte das administracións provedoras de medios de Xustiza para protexer a saúde de todos os profesionais da Administración de xustiza, así como do conxunto da cidadanía que acode a xulgados e tribunais, cumprindo criterios de uso das autoridades sanitarias.
3. Normal prestación de servizos non esenciais, sempre que o permitan os medios materiais, en cumprimento do Real decreto 467/2020 do estado de



alarma, cuxa determinación de suspensión de prazos procesuais non implica a inhabilidade dos días.

4. Prestación presencial por quendas, garantindo as distancias de seguridade na liña das recomendacións das autoridades sanitarias.

5. Establecemento de esquemas reforzados de traballo á distancia para os funcionarios que voluntariamente se queiran acoller a este sistema, sen prexuízo da súa participación nas quendas de presenza, cando a cobertura dos servizos esenciais o requira.

6. Disponibilidade de prestación presencial para aqueles funcionarios que se atopen no seu domicilio durante a xornada laboral, tanto para os que estean traballando con medios telemáticos coma para os que non poidan facelo por falta deles.

Por último, a resolución do Ministerio dítase dun xeito consensual entre o propio Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas con competencias transferidas, e tras consultas realizadas polo Ministerio aos consellos xerais da avogacía, procuradores e graduados sociais, así como a sindicatos, adoptándose as seguintes disposicións:

Primeira. Funcionamento do servizo público de Xustiza

Para asegurar o correcto funcionamento da Administración de xustiza como servizo público durante a vixencia do estado de alarma deberanse prestar en todo caso os seguintes servizos:

- Os servizos esenciais fixados tanto na Resolución do Secretario de Estado de Xustiza con data do 14 de marzo de 2020 coma nas resolucións equivalentes adoptadas polo Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, que no caso de Galicia están recollidas na Resolución do 15 de marzo de 2020.
- O rexistro de todos os escritos presentados nas oficinas xudiciais e fiscais de forma telemática, así como a súa repartición aos órganos competentes, para asegurar o adecuado funcionamento de xulgados e tribunais. Neste sentido, recoméndase a avogados, procuradores e graduados sociais unha ponderación



e moderación na presentación de escritos, a fin de facer máis viable a repartición.

- A levanza de todos aqueles procedementos non enmarcados na categoría de servizos esenciais, sempre que o permitan os medios dispoñibles.
- A realización no prazo máis breve posible de todas as inscricións de falecemento e nacemento presentadas, así como a levanza dos procedementos do Rexistro Civil non enmarcados na categoría de servizos esenciais, sempre que o permitan os medios dispoñibles.

Segunda. Dotacións para a cobertura do servizo público

Para garantir o adecuado funcionamento de sedes e tribunais durante a vixencia do estado de alarma, o servizo público de Xustiza debe ser atendido a través das seguintes modalidades:

- *Modalidade de traballo presencial por quendas:* o persoal incluído no anexo desta resolución prestará o servizo público nun réxime de quendas que serán establecidas, nos seus respectivos ámbitos competenciais, polos secretarios coordinadores provinciais ou de Goberno, os fiscais xefe ou a directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia.
- *Modalidade de plena dispoñibilidade:* o persoal ao que non lle corresponda asistir ao seu posto de traballo pode ser requirido para a prestación de calquera servizo que non poida ser realizado á distancia ou para calquera incidencia que se poida presentar en relación cos servizos esenciais, para o cal debe estar dispoñible e plenamente localizable durante toda a xornada laboral.
- *Modalidade de teletraballo:* o persoal que dispoñendo de dispositivos con accesos seguros aos sistemas e aplicacións de xestión procesual poida prestar voluntariamente o servizo poderá realizar as súas funcións desde o seu domicilio, e subministrará o apoio que lle sexa requirido para prestar os servizos esenciais.

Estas modalidades de prestación do servizo deben atender á totalidade das funcións ordinarias correspondentes ao posto de traballo na medida en que o permitan os medios dispoñibles, dando preferencia aos servizos declarados esenciais e sen



prexuízo das limitacións impostas pola suspensión de termos e a suspensión e interrupción dos prazos procesuais.

Aquel persoal que teña concedido permiso por deber inescusable, ou que solicitara a exención por padecer patoloxías susceptibles de agravarse co contaxio da COVID-19, non poderá ser chamado a participar nas quendas presenciais ou de dispoñibilidade.

Terceira. Adaptación de dotacións e criterios

A prestación do servizo público de Xustiza require necesariamente unha adaptación progresiva e coordinada de dotacións e criterios de tramitación durante a actual e subseguintes fases de xestión da pandemia COVID-19. Para estes efectos, promoverase a colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, así como unha coordinación reforzada coas administracións provedoras de medios, en prol de impulsar políticas públicas de Xustiza baseadas nun amplo consenso.

Para realizar esta tarefa de forma adecuada, a Comisión de Seguimento do Tribunal Superior de Xustiza levará a cabo semanalmente unha análise do axeitado funcionamento de xulgados e tribunais, que trasladará á Comisión Mixta do Ministerio de Xustiza e ao Consello Xeral do Poder Xudicial, sen prexuízo das decisións que teñan que adoptar o Ministerio de Xustiza e o Consello Xeral do Poder Xudicial no ámbito das súas respectivas competencias. A tarefa de seguimento semanal que realizará a Comisión de Seguimento do Tribunal Superior comprenderá así mesmo a ponderación da suficiencia de dotacións de persoal, coa finalidade de garantir o normal funcionamento do servizo en cada fase de xestión da pandemia COVID-19. Do mesmo xeito, este esquema de seguimento respecto ao adecuado funcionamento de xulgados e tribunais complementarase cunha coordinación equivalente en consultas coa Fiscalía Xeral do Estado.

Por último, para facilitar a xeración de amplos consensos en Xustiza durante a xestión da pandemia COVID-19, prestarase especial atención ao mecanismo de coordinación reforzada impulsado por todas as administracións provedoras de medios de Xustiza, ao cal a Orde SND/261/2020 do 19 de marzo lle outorga competencias durante esta crise, promovendo e mantendo a máxima colaboración interinstitucional co Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado. Este mecanismo constitúe un



foro cualificado para coordinar as actuacións coas administracións provedoras de medios e establecer un marco de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado para tales actuacións, a partir dun diálogo fluído entre estas institucións e, en todo caso, sobre a base do consenso.

Cuarta. Entrada en vigor

A presente resolución entra en vigor o día 15 de abril.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2020

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez



ANEXO DE DOTACIÓNS DE PERSOAL PRESENCIAL

Os xulgados e fiscalías en servizo de garda deberán contar con toda a dotación de persoal que preste o servizo de garda, a fin de atender debidamente o servizo.

Nos demais órganos xudiciais e fiscais, e no Instituto de Medicina Legal de Galicia, atenderase á natureza e necesidades de cada un deles. Para a determinación do número e corpo dos funcionarios considerados dentro dos servizos esenciais teranse en conta as concretas funcións ou materias legalmente atribuídas a cada órgano ou conxunto de órganos e mais a súa relación directa e inmediata cos servizos esenciais identificados nesta mesma resolución.

En atención a estes criterios, o persoal que ha de atender de xeito presencial o servizo público de Xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia será, polo menos, o seguinte:

1. Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

- 1.1. Un funcionario do corpo de xestión P.A. ou de tramitación P.A. en cada unha das seccións orgánicas ou funcionais das súas salas, e un funcionario do corpo de auxilio xudicial por cada unha das salas.
- 1.2. Secretaría de Goberno: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A.
- 1.3. Gabinete Técnico da Presidencia: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A.
- 1.4. Oficina de Rexistro e Repartición: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou de tramitación P.A., así como, se for o caso, aqueles que a maiores o letrado da Administración de xustiza responsable considere necesarios para atender o volume de escritos pendentes de rexistrar e repartir.

2. Audiencias provinciais:

- 2.1. Seccións: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou de tramitación P.A., e mais un funcionario do corpo de auxilio xudicial, por cada unha das respectivas seccións.
- 2.2. Oficina de Rexistro e Repartición: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou de tramitación P.A., así como, se for o caso, aqueles que a maiores o letrado da



Administración de xustiza responsable considere necesarios para atender o volume de escritos pendentes de rexistrar e repartir.

3. Xulgados unipersoais:

- Xulgados de instrución e de primeira instancia e instrución de garda: os funcionarios que efectúan o servizo de garda habitualmente.
- Xulgados de instrución e de primeira instancia e instrución que non estean de garda, o os especializados en violencia sobre a muller: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A., e un funcionario do corpo de auxilio xudicial por cada catro xulgados ou fracción.
- Xulgados de violencia sobre a muller: un funcionario do corpo de xestión P.A., un funcionario do corpo de tramitación P.A. e un funcionario do corpo de auxilio xudicial.
- Xulgados do penal: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A., e un funcionario do corpo de auxilio xudicial para cada catro xulgados ou fracción.
- Xulgados de primeira instancia, incluídos os especializados en familia, e xulgados do mercantil: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. en cada xulgado, e un funcionario do corpo de auxilio xudicial por cada catro xulgados ou fracción.
- Xulgados do contencioso-administrativo: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A., e un funcionario do corpo de auxilio xudicial, para todos os xulgados.
- Xulgados do social: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A., e un funcionario do corpo de auxilio xudicial por cada catro xulgados ou fracción.
- Xulgados de vixilancia penitenciaria: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A., e un funcionario do corpo de auxilio xudicial.
- Xulgados de menores: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A., e un funcionario do corpo de auxilio xudicial.

- Servizos comúns de notificacións e embargos: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A., e un funcionario do corpo de auxilio xudicial.
- Decanatos-Servizos de rexistro e repartición: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. en cada sede. O letrado da Administración de xustiza responsable poderá ampliar esta dotación para atender o volume de escritos pendentes de rexistrar e repartir.
- Servizos comúns de atención ao cidadán e á vítima: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. en cada oficina.
- Xulgados de paz: un funcionario.

4. Rexistros civís:

- Rexistros civís exclusivos: dous funcionarios do corpo de xestión P.A. ou do corpo de tramitación, así como, se for o caso, aqueles funcionarios, incluídos os do corpo de auxilio xudicial, que a maiores o letrado da Administración de xustiza responsable determine para atender os servizos esenciais declarados nesta materia, sempre tendo en conta as funcións que poidan ser levadas a cabo en réxime de teletraballo polos funcionarios que, dispoñendo de medios, accederan voluntariamente a facelo.
- Xulgados de primeira instancia e de primeira instancia e instrución con funcións de Rexistro Civil: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou do corpo de tramitación P.A. e un funcionario do corpo de auxilio xudicial. Ademais dos que deban estar presentes pola quenda xeral nos xulgados de primeira instancia ou de primeira instancia e instrución, ou dos de rexistro e repartición se fora un funcionario destes mesmos xulgados, o letrado da Administración de xustiza responsable poderá ampliar esta dotación cando o estime preciso para atender os servizos esenciais nesta materia, sempre tendo en conta as funcións que poidan ser levadas a cabo en réxime de teletraballo polos funcionarios que, dispoñendo de medios, accederan voluntariamente a facelo.

5. Fiscalías:

Deberán contar con toda a dotación de persoal que preste o servizo de garda para atender debidamente o servizo, e ademais cun 10% aproximado do total dos



funcionarios dos corpos de xestión P.A., de tramitación P.A. e de auxilio xudicial de cada unidade, designados polos fiscais xefe.

- Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma: un funcionario do corpo de xestión P.A., do corpo de tramitación P.A. ou do corpo de auxilio xudicial.
- Fiscalías provinciais: a maiores dos funcionarios do servizo de garda, un funcionario do corpo de xestión P.A., do corpo de tramitación P.A. ou do corpo de auxilio xudicial nas de Lugo e Ourense, e dous funcionarios nas da Coruña e Pontevedra.
- Fiscalías de área: a maiores dos funcionarios do servizo de garda, un funcionario do corpo de xestión P.A., do corpo de tramitación P.A. ou do corpo de auxilio xudicial na de Santiago, e dous funcionarios na de Vigo.
- Seccións territoriais: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou do corpo de tramitación P.A. en cada sección territorial, para o servizo de garda.

6. Instituto de Medicina Legal:

- Os médicos forenses de garda.
- Un funcionario para cada subdirección territorial, designado pola directora do Imelga.

7. Persoal laboral ao servizo da Administración de xustiza:

- O 100% do persoal dos efectivos adscritos ás gardas de equipos técnicos de menores.
- Nas subdireccións do Imelga: 1 auxiliar de autopsia, 1 psicólogo e 1 traballador social, así como a totalidade dos auxiliares de autopsia que deban asistir ao médico forense de garda cando este o requira.
- O 100% do persoal de mantemento e de limpeza para desenvolver os labores de limpeza, hixiene e desinfección das sedes xudiciais e fiscais.

